

DOCUMENTOS EN LIÑA EN MOODLE

En Moodle non se pode editar un documento Word, LibreOffice ou PDF (si este último na corrección de tarefas, como vimos nas instrucións de actividades). Para editar este tipo de documentos hai que descargalo, actualízalo e subilo, pero os contidos en Moodle poden editarse en liña se se introducen como “Páxina” (como vimos nas instrucións de recursos), co editor de texto incorporado.

En relación coa interacción co alumnado para corrección, ten moitas ferramentas, aínda que só vimos foros e tarefas (instrucións de actividades).

Unha ferramenta que non vimos e que pode ser interesante neste aspecto é o Wiki, que permite unha redacción colaborativa en equipo, con acceso a historial de modificacións. No curso modelo de metaformadores, foi incluído un de mostra para que vexades.